



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

### *Nomeamento funcionaria de carreira como axente de desenvolvemento local*

Por Resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos número 1558/2024 do 19 de decembro de 2024, resolveuse o seguinte:

**Primeiro.-** Nomear a dona Beatriz Castro Pico con D.N.I. \*\*\*947\*\*\*, funcionaria de carreira na praza de axente de desenvolvemento local, encadrada na escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A1, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**Segundo.-** Publicar a presente resolución de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 60 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e base décima das xerais que rexen o proceso selectivo (BOP nº 245 do 28/12/2022).

**Terceiro.-** O prazo para a toma de posesión do posto e acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordeamento xurídico, así como do compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións é dun mes contado a partir da publicación deste nomeamento no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no artigo 60-d) e e) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e ca base décima das xerais que rexen o proceso selectivo (BOP nº 245 do 28/12/2022).

En Cambre a 19 de decembro de 2024

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos PD. (Resolución nº 469/2024, do 12 de abril)  
María Yolanda Díaz Baldomir

2024/9212